

# A COMPOSICIÓN MUSICAL FEMININA NO RENACIMIENTO



CANTAR DELAS

<https://www.cantardelas.com>

# RENACEMENTO

## DAMAS E RAÍÑAS: MÚSICAS NA CORTE



Moitas cortes europeas, especialmente en Italia, convértense en centros de cultura musical no que as mulleres son protagonistas.

As intelectuais dos séculos XV e XVI compoñen e publican as súas propias obras. Ó mesmo tempo os conventos e mosteiros femininos continúan sendo centros de instrución musical aínda que moi poucas composicións chegaron ós nosos días.

As súas obras foron, sobre todo, madrigais compostos para seren cantados *a capella*.

## MADDALENA CASULANA



*“Desexaría mostrar ó mundo o erro dos homes, que créndose donos dos grandes dons do intelecto, pensan que estes non poden ser comúns ás mulleres”*

Naceu en Italia (1544-1590). Compositora e cantante do Renacemento que ademais tocaba o laúde. As súas obras foron principalmente madrigais, composicións breves de 3 a 6 voces para seren cantadas *a capella* ou con acompañamento musical e acostumaban tratar temas amorosos.

En 1566 edita ***Il primo libro de madrigali a quatro voci*** composto por 34 composicións que constitúe o primeiro traballo musical publicado por unha muller na historia da música occidental.

Na dedicatoria deste libro a Isabella de Medici, tamén música, afirma: “*Desexaría mostrar ó mundo o erro dos homes, que créndose donos dos grandes dons do intelecto, pensan que estes non poden ser comúns ás mulleres*”

### **VITTORIA COLONNA ( Roma 1490 - 1547)**



Recibiu unha refinada educación humanística. Desde moi nova destacou na corte napolitana como poeta.

Publica en 1538 ***Rime de la divina Vittoria Colonna marchesa di Pescara***, colección de sonetos amorosos e espirituais con influencias de Dante e Petrarca. Tamén escribiu prosa relixiosa con preferencia polas personaxes femininas do Novo Testamento.

No campo musical foi unha magnífica cantante que ademais tocaba o laúde. Nos últimos anos da súa vida compuxo algunha *canzone*, himnos e motetes sacros que non se conservan.

### **LUCRECIA TORNABUONI DE MEDICI (Florenzia 1425 - 1482)**



Filla de nobres florentinos casada con Piero de Medici, recoñecida como poeta e polas súas habilidades políticas.

Consérvanse as **Historias sagradas** (cinco poemas sobre temas bíblicos) oito *laudi* para Nadal, un soneto e unha *canzone* inspirada na obra poética de artistas que ela e o seu esposo protexían.

Tamén se conservan corenta e nove cartas que aportan información sobre a vida cotiá en Florencia, as liberdades de que gozaban as mulleres na época e o receptivas que eran á revolución filosófica e cultural que tivo lugar en Italia.

De Lucrezia hai varios retratos pintados por grandes artistas do Renacemento como Boticelli, Lippi ou Ghirlandaio.

### **CHRISTINE DE PIZAN (Venecia 1364 - Francia 1430)**




*“Soíña estou e soíña quero estar”*

Pasou á historia como a primeira escritora francesa que viviu da súa profesión. Escribiu tratados de filosofía, de política e de poesía.

A súa obra **A cidade das damas** é unha alegoría na que defende as mulleres citando figuras femininas ilustres para defenderse dos argumentos misóxinicos de numerosos autores.

**Cen baladas de amante e de dama** contén poemas baseados na súa experiencia persoal. Pénsase que puxo música a algúns deles aínda que non se conservan:

## GRACIA BAPTISTA (século XVI)



Foi unha monxa española probablemente de Ávila. Consérvase do seu traballo a glosa do himno *Conditor alma siderum*, composición escrita en tablatura para órgano a tres voces. Trátase da primeira composición feminina datada na península.

## ANNA BOLENA (Kent 1507 – Londres 1536)



Tiña grande facilidade para tocar instrumentos como o laúde, o virxinal ou a harpa.

Atríbúidas a esta raíña destacan varias arias para voz e laúde. A súa canción *O death, rock me asleep*, parece ser escrita mentres agardaba a súa execución. Nela fala da inminente morte, mentres o laúde imita o son das campás chamándoa ó patíbulo.

Atribúenselle tamén varias cancións que co tempo pasaron a formar parte da tradición folclórica de Inglaterra.

<https://youtu.be/VK8WuxD6b2g>

## CONCERTO DI DONNE



O Concerto di Donne (Concerto das Damas) denomina un grupo feminino de cantantes e instrumentistas profesionais da corte de Ferrara nadas todas elas no s. XVI.

Durante o Renacemento tardío acadaron unha enorme fama tanto polo seu virtuosismo técnico como polo nivel artístico.

As músicas máis destacadas do Concerto di Donne foron: Tarquinia Molza , Leonora Sanvitale , Laura Peverara , Livia d´Arco , Anna Guarini e Lucrezia Bendidio

### Bibliografía

<https://musicaescritapormujeres.wordpress.com/category/renacimiento/>

<https://www.inmujeres.gob.es/areasTematicas/AreaEducacion/MaterialesDidacticos/docs/CreadorasMusica.pdf>